

RESOLUCIÓN, DA DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL E CAMBIO CLIMÁTICO,
POLA QUE SE OUTORGA A AUTORIZACIÓN AMBIENTAL INTEGRADA CON NÚMERO DE
REXISTRO 2015-IPPC-99-309

Instalación: planta de fabricación de pensos	Procedemento: autorización ambiental integrada
Titular: Piensos Nanfor, SA	Expediente 2015-IPPC-I-99
Localización: concello de Begonte (Lugo)	Data: 06.04.2017

ANTECEDENTES

1. O 09.12.2015 Piensos Nanfor, SA presentou, na Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a solicitude de autorización ambiental integrada para unha planta de fabricación de pensos en funcionamento da que é titular no concello de Begonte (Lu). A solicitude fundaméntase nun proxecto de cambio da capacidade de produción de produtos acabados na planta, para pasar das 293 t/día actuais ás 400 t/día.

2. O 26.05.2016 o Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos informou que non é necesario someter o proxecto ó trámite de avaliación de impacto ambiental.

3. Piensos Nanfor, SA completou a solicitude de autorización ambiental integrada o 15.09.2016.

4. O 26.10.2016 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* (núm. 204) o anuncio do 20.09.2016 polo que se someteu a información pública a solicitude de autorización ambiental integrada. Non consta no expediente a presentación de alegacións ó respecto.

5. De conformidade co establecido no Real decreto legislativo 1/2016, de 16 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación, durante a tramitación solicitouse informe a outras Administracións públicas afectadas. A relación de consultados e informes recibidos refírese na seguinte táboa:

Relación de consultados	Recepción
Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia	Si
Concello de Begonte	Si
Confederación Hidrográfica do Miño-Sil	Si
Consellería do Medio Rural	Si
Servizo de Administración Industrial de Lugo	Non

Sinalar que no expediente consta o informe de compatibilidade urbanística para o proxecto emitido polo concello de Begonte.

6. De conformidade co artigo 82 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o 20.03.2017 deuse trámite de audiencia ao titular para que puidera presentar os documentos e xustificacións que estimara pertinentes. Durante o trámite, o titular considerou non presentar alegacións.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. A instalación está incluída no anexo I, categoría 9.1.a) ii) do Real decreto legislativo 1/2016, do 16 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación.

2. A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático é o órgano competente para resolver estes procedementos de conformidade co establecido no Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, nos termos indicados na disposición transitoria segunda do Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia.

RESOLVO

1. Outorgar a autorización ambiental integrada para o proxecto solicitado, cos condicionantes que se fixan nesta resolución, así como coas condicións contidas na documentación presentada durante o procedemento. Corresponde a esta instalación o número de rexistro 2015-IPPC-99-309.

2. Determinar que, no caso de que exista contradición entre o establecido nesta resolución e o indicado na documentación presentada durante o procedemento, prevalecerá o disposto na resolución.

3. Establecer a obriga de que o titular presente, previo inicio da actividade das novas instalacións, unha declaración responsable de conformidade co artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, indicando o cumprimento das condicións establecidas nesta autorización. Esta declaración acompañarase do certificado do técnico director da obra que acredite que esta foi executada conforme ao proxecto presentado.

4. Establecer a obriga de que o titular dea cumprimento ao Real decreto 508/2007, do 20 de abril, polo que se regula o subministro de información sobre emisións do Regulamento E-PRTR e das autorizacións ambientais integradas, comunicando a información requirida anualmente ao rexistro galego PRTR de emisións (REGADE Sección PRTR).

5. Establecer a obriga de que o titular comunique a esta Dirección Xeral calquera modificación que se pretenda levar a cabo na instalación, indicando razoadamente, en atención aos criterios sinalados no artigo 10 do Real decreto legislativo 1/2016, do 16 de decembro, se considera que se trata dunha modificación substancial ou non substancial, acompañándose dos documentos xustificativos oportunos.

6. Establecer a obriga de que o cambio de titularidade sexa comunicado a este centro directivo, debendo presentarse a documentación acreditativa.

As condicións desta autorización revisaranse nun prazo de catro (4) anos a partir da publicación dunhas novas conclusións relativas ás mellores técnicas dispoñibles (MTD), en canto á principal actividade da instalación, e no seu defecto cando os avances nas mellores técnicas dispoñibles permitan unha redución significativa das emisións, salvo que se produzan antes do prazo indicado modificacións substanciais que obriguen á tramitación correspondente

ou que se incorra nalgún dos supostos de revisión recollidos no artigo 26 do Real decreto legislativo 1/2016, do 16 de decembro.

O incumprimento das condicións recollidas nesta resolución suporá a adopción das medidas de disciplina ambiental recollidas no Título IV do Real decreto legislativo 1/2016, do 16 de decembro, sen prexuízo do establecido na lexislación sectorial, que seguirá sendo aplicable.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer, no prazo dun mes, recurso de alzada ante a conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, de conformidade co disposto no artigo 121 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A xefa do Servizo de Prevención e Control Integrados da Contaminación O subdirector xeral de Avaliación Ambiental

María Diéguez Gómez

Carlos Calzadilla Bouzón

A directora xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático

María Cruz Ferreira Costa

Datos administrativos

1 Datos do titular		
Razón social: Piensos Nanfor, SA		
NIF: A15590904		
Dirección: A Escravitud, s/n		
Provincia: A Coruña	Concello: Padrón	Código postal: 15980

2 Datos do centro			
Denominación do centro: centro do Begonte			
Actividade principal: fabricación de pensos			
Dirección: estrada N-VI, km. 517,7, Santo Estevo de Uriz			
Provincia: Lugo	Concello: Begonte	Código postal: 27373	
UTM X (m): 610.325	UTM Y (m): 4.775.845	Fuso: 29	Datum ETRS89
Referencias catastrais: 27007A174001470000QP- 27007A174001990000QZ - 27007A174001430000QB - 27007A17400450000QG - 27007A174001460000QQ			
Superficie total das parcelas (m ²): 32.795		Superficie ocupada pola actividade (m ²): 5.275	
Vertedura de augas residuais: si		Órgano de cunca: Confederación Hidrográfica do Miño-Sil	
Sistema de xestión medioambiental: ISO 14001:2004 certificada para a actividade de fabricación de pensos compostos para alimentación animal			

3 Categorías e rexistros das actividades	
CNAE (principal): 1091 – Fabricación de produtos para a alimentación de animais de granxa	
Real decreto legislativo 1/2016, do 16 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación	Categoría: 9.1.b.ii
Directiva 2010/75/UE, do 24 de novembro, sobre as emisións industriais (prevención e control integrados da contaminación)	Categoría: 6.4.b.ii
Real decreto 508/2007, do 20 de abril, polo que se regula o subministro de información sobre emisións do Regulamento E-PRTR e das autorizacións ambientais integradas	Código E-PRTR: -
Real decreto 9/2005, do 14 de xaneiro, polo que se establece a relación de actividades potencialmente contaminadoras do solo e os criterios e estándares para a declaración de solos contaminados	Non afectada
Informe base (artigo 12.1.f do Real decreto legislativo 1/2016, do 16 de decembro)	Non aplica
Real decreto 840/2015, do 21 de setembro, polo que se aproban medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves nos que interveñan substancias perigosas	Non aplica
Real decreto 117/2003, do 31 de xaneiro, sobre limitación de emisións de compostos orgánicos volátiles debidas ao uso de disolventes en determinadas actividades (grupo)	Non aplica
Lei 1/2005, do 9 de marzo, pola que se regula o réxime de comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro (código ID instalación)	Non incluída
Lei 26/2007, do 23 de outubro, de responsabilidade medioambiental	Afectada
NIMA (número de identificación medioambiental)	2700039250
Inscripción como produtor de residuos perigosos	Non
Inscripción como produtor de residuos non perigosos	CO-RP-P-PP-01159

Resolución pola que se outorga a autorización ambiental integrada para unha planta de fabricación de pensos en Begonte (Lu). Titular: Piensos Nanfor, SA
2015-IPPC-99-309

Autorización de xestor de residuos	Non
Outros	Registro SILUM ESP-27007002
	Sistema de xestión na seguridade alimentaria: UNE-EN-ISO 22000 para as actividades de produción de pensos compostos para a alimentación animal

Autorización Ambiental Integrada

Anexo I: descripción

Localización

A fábrica de pensos compostos localízase nunha área industrial dentro do polígono que comparten os concellos de Rábade e Begonte, nunha marxe da estrada N-VI e á beira dunha vía de tren en desuso.

Actividade


A planta adícase á fabricación de pensos compostos para a alimentación de gando vacún, ovino, porcino, cabalos e coellos. A planta está rexistrada no SILUM para as actividades de fabricación de pensos compostos que conteñan aditivos e premesturas, comercialización de materias primas vexetais e comercialización de pensos compostos.

Instalacións principais

- Un edificio (torre) de fabricación, construción prefabricada en estrutura metálica cunha altura de 40 m.
- Sala da caldeira: contén unha caldeira para a xeración de vapor para o proceso de produción de penso. Nesta sala tamén se atopa un tanque de condensados e un sistema de tratamento da auga.

Outras instalacións son:

- Peirao de carga e descarga
- Almacén de ingredientes
- Almacén de produto elaborado
- Almacén de penso para mascotas (pet food)
- Almacén de palés
- Almacén de repostos
- Almacén de residuos
- Piquera de recepción de materias primas a granel
- Zona de carga a granel
- Depósitos de materias primas líquidas o viscosas
- Depósito aéreo de GLP para carretillas
- Depósito aéreo de gasóleo para 1 carretilla e cubeto de produtos químicos
- Depósito de auga contra incendios
- Sala de compresor
- Taller de mantemento de maquinaria
- Centro de transformación
- Edificio de oficinas
- Caseta de pinturas
- Aparcadoiro



Proxecto

Instalación dunha nova granuladora e cambio do mix de produción coa incorporación de novas materias primas, de tal xeito que a capacidade de produción de produtos acabados na planta pasará das 293 t/día actuais ás 400 t/día. O aumento de capacidade conseguirase coa incorporación de novas materias primas en fariña.

Proceso produtivo

1. Recepción e almacenamento de materias primas e auxiliares:

Unha vez chega o camión do subministro, pénsase na báscula para comprobar as cantidades de materias que entran. As materias sólidas chegan á fábrica en camiós tipo caixa e se descargan sobre unha gran moega ou peirao de descarga, desde onde son conducidas a silos. As materias líquidas chegan en camiós cisterna que posúen unha boca de descarga para conectar cunha boca de carga na fábrica, desde onde son conducidas a tanques de almacenamento. Dispónse de 45 silos para materias primas e outros 7 para correctores e aditivos.

2. Dosificación de materias:

A través dun sistema informático ordénase a apertura dos silos e se dosifican de forma automática as cantidades necesarias de cada compoñente.

3. Moenda de materia prima:

As materias primas preséntanse en fariña ou grao. Se a presentación é en grao, procederáse á súa moenda a fin de poder mesturalas homoxeneamente, no proceso de mestura, coas que se presentan en fariña.

Unha vez completado o proceso de moenda no muíño de martelos, as materias primas pasan ás moegas de materias primas molidas, ou a outras para materias que se presentan inicialmente xa molidas. Alí se lle agregan outros aditivos (correctores, aromatizantes, colorantes, etc.). A diferenza das materias primas, os aditivos e correctores pésanse e engádense manualmente na súa maioría, de acordo coas fórmulas específicas.

Na sección de moenda existen una serie de ineficiencias debidas ó tempos nos que no se pode moer, debido a paros por reglaxes do propio muíño, cambio de martelos, cambio de cribas e limpeza de elementos como imáns e separadores de pedras e a paros debidos ó proceso de moenda en lotes, ó ser necesario un tempo de limpeza da liña entre un lote e o seguinte. Estes paros supoñen o 21% do tempo total do funcionamento.

Por outra parte, para cada granulometría o rendemento do muíño será diferente, o que proporciona una capacidade diaria en toneladas para cada fracción.

4. Mestura:

Baixo o muíño, atópase unha moega de recepción de produto molturado e desde ahí as fariñas envíanse á sección de mestura. Dende a moega que está situada sobre a mesturadora caen todos os produtos da fórmula por gravidade á mesturadora horizontal de apertura pneumática. Unha vez dentro de la mesturadora, engádenselle os líquidos e aditivos.

Una vez transcorrido o tempo de mestura, obtense un produto en forma de fariña que es descargado na correspondente moega de baleirado e pasa a un transportador e a un elevador, que pode enviar o produto a distintas seccións, ben a granular, melazar (mestura con melaza), ensacar o carga a granel.

5. Granulación y arrefriamento:

Neste proceso a fariña previamente mesturada pasa polas máquinas granuladoras para conformar o gránulo final. Este proceso, necesita a incorporación de vapor e líquidos (melazas e aceites vexetais), que se engaden mediante un sistema automático de dosificación e control. Unha vez conformado o gránulo, sae da granuladora con alta temperatura e humidade, as cales deben reducirse para o seu posterior manexo sen problemas de fermentación.

Para isto, o gránulo cae por gravidade sobre a torre de refrixeración ou arrefriamento, que se encarga de reducir o exceso de humidade e temperatura, mediante a introdución forzada de aire ambiente desde abaixo mentres cae o grao, conseguindo que o penso recién granulado, ceda humidade e temperatura ao aire, todo isto controlado automaticamente.

Algúns produtos reciben un rociado exterior con melazas dosificadas mediante spray e controlada a súa dosificación automaticamente, todo isto nunha máquina denominada *blender*.

6. Ensacado, carga a granel e almacenaxe de produto terminado:

Unha vez secado e arrefriado, o penso elaborado envíase aos silos de ensacado, desde onde se envasa en sacos de diferentes tamaños (5, 10, 25, 30, 40, 800, 1.000 y 1.200 kg), ou se dirixe aos silos de carga a granel.

O proceso de ensacado se realiza pasando primeiro o penso xa elaborado a quince moegas de

espera, situadas sobre a ensacadora, con distintas capacidades. Un xogo de pinzas automáticas, son as encargadas no proceso de ensacado de suxeitar o saco á boca de pesado, que se realiza mediante un sistema automático electrónico.


Os sacos, unha vez pesados e aínda abertos, son recollidos por unha cinta transportadora situada baixo a báscula, sobre a que se sitúa unha cosedora que aproveita o avance do saco para efectuar o peche e colocar as etiquetas neste. Posteriormente se colocan en palés e/ou se dispoñen sobre unha flejadora para o envasado conxunto, ata ser retirados e amoreados en espera de ser cargados sobre os camións que os distribúen. Os sacos envasados pasan ao almacén, onde se mantén un stock suficiente de cada clase de penso, para satisfacer os pedidos dos clientes nun prazo axeitado.

No caso da carga a granel, o produto terminado almacénase en dúas celas específicas, tanto en fariña como en grao e cárgase directamente sobre o camión cisterna.

Por outro lado, a planta tamén se dedica, en función de las necesidades de mercado, á distribución doutros pensos fabricados noutras empresas do grupo empresarial do que forma parte. Neste caso o proceso consiste na súa recepción, almacenaxe e expedición, non realizándose ningún tipo de transformación, modificación ou manipulación do produto.

Diagrama de fluxo

O seguinte diagrama de fluxo representa as diferentes unidades de produción da planta:



Producción

Capacidade produtiva máxima actual	293 t/día de produción de produtos acabados
Capacidade produtiva máxima proxectada	400 t/día de produción de produtos acabados

Produto	Producción anual (t)			
	2013	2014	2015	2016
Penso para polo tipo broiler	15.287	16.446	14.156	13.400
Penso para galiña	1.331	1.432	1.612	1.423
Penso para porcos	434	467	351	244
Penso para coellos	0	0	0	0
Penso para gando ovino	345	371	395	465
Penso para gando vacún	53.094	57.117	56.257	62.710
Penso para varios (perdices, pavos, visóns...)	1.708	1.838	1.836	1.759

Materias primas

Aceite de palma	Cebada cervexeira	Fariña baixa	Salvado
Aceite de soia	Centeo	Fariña de palmiste	Semente Algodón
Afansol 360	Colza 00	Millo	Soia 44
Alfalfa henificada	Copos de millo	Millo importación	Soia 47,5/48
Aminopro	Corn Gluten feed	Melaza caña	SOLAF424
Avea	DDG de millo	Melaza remolacha	Trigo Importación
Bicarbonato sódico	Fosfato monocálcico	Óxido de magnesio MAGAL P	Trigo Importación Sada
Carbonato fino	Garrofa	Palla	Urea
Carbonato groso	Xirasol integral	Polpa remolacha	Covasoy
Cascarilla de soia	Xirasol argentino	Sal	

O consumo de materias primas no ano 2016 foi de 76.975.453 kg. O consumo de materias primas tras o aumento previsto da capacidade produtiva estímase en 130.000.000 kg/anuais.

Na planta empréganse ademais materias primas auxiliares e correctores, cuxos consumos no 2016 foron 568.052 kg e 406.809 kg respectivamente.

Outros consumos rexistrados no 2016 son:

Auga	7.389 m ³
Enerxía eléctrica	2.268.597 kWh
Gas natural	192.815 m ³
GLP	14.274 m ³
Gasóleo A	470 l

Captación de auga

Se ben a fábrica dispón dun pozo de captación de auga este non se emprega desde que se dispón de abastecemento municipal.

Augas residuais

Na planta identifícanse tres tipos de efluentes: augas residuais sanitarias procedentes dos aseos, purgas da caldeira e augas pluviais residuais.

Estes evacúanse ó medio mediante cinco puntos de vertido:

- 1 correspondente ás augas residuais sanitarias dos aseos que se dirixen a unha fosa séptica de dobre cámara para a súa posterior incorporación ao medio unha vez depuradas.
- 3 correspondentes á escurredura interior á implantación industrial con evacuación mixta (directamente a canle pública e indirecta por infiltración ao terreo).
- 1 correspondente ás purgas da caldeira con evacuación mixta (directamente a canle pública e indirecta por infiltración ao terreo).

Anexo II: mellores técnicas dispoñibles

Segundo a documentación avaliada, na planta desenvólvense as técnicas que se relacionan a continuación:

1. Código de boas prácticas ambientais

- Para a súa aplicación polos empregados

- Separar e clasificar os envases e residuos que se xeren, de acordo coa súa natureza
- Se un traballo quedara sen terminar, ordenarase a área de forma que non queden estorbos para outros traballadores
- De derramarse algún produto, recollerase rapidamente en caso de ser sólido. En caso de que o produto sexa líquido empregárase sepiolita e limparase a zona
- Evitarase a xeración de lumes ou chispas nas proximidades de materiais combustibles. Deben coñecerse os medios contra incendios dispoñibles
- Ningún produto deberá ser depositado fora dos almacenes ou das zonas destinadas a estes
- Informar ó mando superior de calquera incidente
- No se malgastarán recursos como enerxía eléctrica, auga, combustibles, etc.
- Evitar a xeración de po debido ó transporte de materiais, adecuando a velocidade dos vehículos durante a carga e descarga de materiais. Minimizarase a altura de caída dos produtos

- Para a súa aplicación pola organización

- Verificar a eficiencia enerxética e de produción da maquinaria, rexistrar os consumos e realizar un mantemento preventivo de xeito que se manteña en óptimo estado, evitando consumos innecesarios de auga e/ou enerxía
- Formación e concienciación do persoal en materia de aforro de auga e enerxía
- Apagado dos equipamentos e da iluminación cando non sexan necesarios e se regulará a intensidade de luz en función das necesidades
- Revisión da caldeira co fin de evitar fugas e consumos excesivos
- Non abusar dos produtos químicos nas operacións de limpeza
- Seleccionar produtos de limpeza biodegradables ou sen fosfatos.
- Elección de materiais, produtos e subministradores con certificación ambiental.
- Realizar un inventario e control de stock das materias primas e auxiliares co fin de evitar o seu deterioro e a expiración da fecha de caducidade
- Adecuación dos pedidos á produción e a series largas
- Usar materiais e produtos de máis dun uso.
- Solicitar a entrega de mercancías envasadas en envases ou materiais de embalaxe reempregables ou reciclables e a redución dos envases de transporte na medida do posible
- Aproveitamento máximo das materias a fin de reducir os consumos
- Para produtos químicos de pouco uso preferencia por envases pequenos a fin de reducir o tempo de almacenamento
- Sinalizar adecuadamente as áreas de almacenamento e diferenciar materias primas e/ou auxiliares con características de toxicidade das restantes. Separar produtos cuxas características poidan ser incompatibles
- Seguir os requisitos de almacenamento adecuados a cada tipo de materia ou produto co fin de asegurar a súa calidade e evitar riscos de perdas ou contaminación
- Manter un rexistro de cantidades, custos e xestión dos residuos, para poder fixar obxectivos de redución
- Elaboración de documentos de incidencias para cada liña de produción

- Verificar o estado das áreas de traballo con obxecto de detectar posibles fugas de fluídos.
2. Sistemas de xestión ambiental, da seguridade e saúde no traballo e da seguridade e calidade alimentaria
- Piensos Nanfor, SA dispón dun Sistema de Xestión Ambiental segundo a norma ISO 14001
3. Monitorización
- Vixilancia ou seguimento sistemático das variacións dun determinado composto químico ou dunha característica física dunha emisión, vertido, consumo, etc.
4. Control de calidade e do proceso
- Elaboración de procedementos documentados e acordados
 - Adecuado control do proceso, mediante a identificación dos indicadores e dos métodos para a medición e o control dos parámetros
 - Análise no laboratorio da fábrica das mostras de materias primas segundo os criterios de calidade ou dos instrumentos que permitan verificar a súa calidade
 - Comparación das características das materias primas de entrada cos requirimentos de cada formulación específica
 - Verificación da calidade final do produto terminado e da súa correspondencia coa súa formulación
5. Carga y descarga de produtos envasados
- A recepción de materias primas e de aditivos e a expedición de produtos finais, se realízase dentro de plataformas de carga e descarga, zonas acondicionadas e conectadas á nave de almacenamento. Son zonas cubertas, pavimentadas e conectadas co resto da nave principal, permitindo o paso do produto directamente á nave de produción e/ou permitindo a carga do produto final que se entrega envasado.
6. Carga y descarga de produtos a granel
- Para as materias primas que chegan a granel ou en estado líquido ou viscoso, a descarga realízase directamente nos silos, evitando emisións á atmosfera, vertidos w perdas de produto. Ditas materias almacénanse nos silos ata o seu emprego no proceso
 - As materias líquidas chegan en camións cisterna que posúen unha boca de descarga para conectar cunha boca de carga na fábrica, para a súa conducción a tanques de almacenamento, reducindo así o risco de vertido e perda de produto
 - Os produtos finais que se entregan a granel son cargados directamente nos camións nunha nave específica de carga, ou ben, mediante unha rosca, se cargan directamente no camión cisterna.
7. Elección de materias primas a granel
- Elección de materias primas, materias auxiliares e aditivos de provedores que aporten materias en formato granel, para reducir o uso de embalaxes. Favorecer a provedores que aporten materias a granel, sobre outros que faciliten os seus produtos envasados. A técnica está parcialmente implantada, xa que para materias con baixo consumo a

súa recepción a granel implicaría maior probabilidade de descarte por caducidade, o que aumentaría a xeración doutro tipo de residuos.

8. Transporte de materiais en seco

- Transporte de materias primas e produtos sólidos secos, reducindo así o volume e o custo do seu traslado. Con isto se consegue o transporte da materia cun menor número de viaxes, o que implica menor xeración de gases á atmosfera durante o transporte. Esta técnica está parcialmente implantada.

9. Xestión do stock de almacenamento de materias primas: minimización do período de almacenamento dos produtos perecederos, mediante:

- Boa xestión dos pedidos, axeitándoos á produción, a ser posible adaptada a series largas
- Realización dun inventario e revisións periódicas de materias, co fin de evitar o seu deterioro e a caducidade dos pensos, permitindo ó mesmo tempo aforrar custos
- Adquisición de produtos químicos (aditivos) en pequenas cantidades co fin de reducir o seu tempo de almacenamento

10. Recuperación de produto

- Dispónse dun sistema de recuperación de finos que permite minimizar as perdas de materias primas empregadas no proceso de fabricación do produto, ó recuperalas e volver a introducilas no proceso. En diferentes etapas do proceso se reintroducen produtos, por exemplo de granulación inadecuada, para o seu aproveitamento

11. Reemprego de recursos y materiais

- Reemprego ou reciclaxe na medida do posible de materias e produtos (embalaxes, produtos secundarios...) así como a busca dun segundo uso para certos materiais
- Aproveitamento ao máximo dos materiais a fin de reducir os consumos
- Segregación dos fluxos de auga para optimizar o seu reemprego
- Os palés usados son almacenados separadamente para volver a utilizalos cando sexa necesario ata o seu deterioro.
- Os cartuchos de impresora son entregados a provedor, para o seu reemprego

Esta técnica está parcialmente implantada, dependendo dos provedores

12. Segregación de produtos de saída

- Segregación dos produtos de saída para optimizar o seu uso, reemprego, recuperación, reciclado e desbote, minimizando o consumo de auga e a súa contaminación

13. Automatización del proceso produtivo

- Automatización del proceso produtivo para pesado e dosificación de materias primas, evitando posibles derrames e perdas de material
- A planta dispón de información centralizada permanentemente ao contar cun sistema de control que permite coñecer a situación do proceso produtivo de forma continua e inmediata. Isto contribúe á mellora do control da calidade, do persoal e dos recursos, facilitando ao mesmo tempo realizar predicións sobre as posibles situacións e consecuencias

- A informatización do proceso produtivo permite a apertura automática dos silos, así como o control e a dosificación automática e máis precisa dos compoñentes involucrados neste
 - Outro proceso que se realiza mediante control automático é o rociado exterior con spray de melazas.
14. Optimización del almacenamiento: correcto almacenamiento de materias primas e produtos
15. Mellora da calidade do produto: unha vez dosificada a materia sólida para cada mestura:
- Se pasa polo campo magnético dun imán, para garantir a inexistencia de metais
 - Mediante un separador de materiais se eliminan outras posibles impurezas
 - Antes da moenda, a mestura pasa por un separador de finos, que evita que o material de pequenas dimensións pase innecesariamente polo muiño
16. Arrefriado do produto con aire
- Unha vez conformados os gránulos, estes caen por gravidade sobre a torre de refrixeración onde se reduce o exceso de humidade e temperatura. O arrefriamento se produce ante a introdución forzada de aire ambiente desde a parte inferior, de forma que o grao que cae vaise arrefriando. Ao empregarse aire, se evita o consumo de auga e a xeración de augas residuais, así como a alteración das características do produto.
17. Definición de una política enerxética: se comproba periodicamente o rendemento e a adopción de medidas correctivas e preventivas, prestando especial atención á monitorización e medición, mantemento de rexistros, desenvolvemento de nova tecnoloxías de eficiencia enerxética, desenvolvemento de auditorías enerxéticas.
18. Mantemento e comprobación do rendemento enerxético
- Compróbase periodicamente o rendemento a a adopción de medidas correctivas e preventivas, prestando especial atención á monitorización e medición, mantemento de rexistros, desenvolvemento de novas tecnoloxías de eficiencia enerxética e realización de auditorías enerxéticas
19. Elección de combustibles
- Elección de combustibles menos contaminantes, para reducir as emisións á atmosfera. O uso de gas natural como combustible, supón unha menor emisión de partículas e óxidos de xofre respecto a combustibles fósiles. Ademais ten un maior poder calorífico, o que repercute positivamente no rendemento enerxético. Na caldeira se emprega gas natural como combustible e substituíronse tres das catro carretillas elevadoras de gasoil por outras de GLP
20. Formación e concienciación do persoal: realización de charlas formativas para concienciación en aforro de auga e enerxía e sobre redución, xestión e segregación dos residuos.
21. Implantación dun plan de emerxencia: implantouse un plan de emerxencias ambientais que contempla diferentes situacións que poden afectar ó medio, tales como incendios, vertidos ou fallo nos sistemas de redución de emisións, entre outros. Coa súa divulgación

conseguiranse evitar ou minimizar as consecuencias de accidentes e incidentes que puidesen ter repercusións ambientais

22. Redución de emisións en moegas e en equipos de moenda

- Os equipos de moenda, transporte e ensacado de produto están provistos de elementos de estanqueidade e de cortinas de materiais flexibles que reducen considerablemente a emisión de partículas de po
- A maquinaria máis susceptible de emitir partículas de po está dotada de filtros e elementos de aspiración de partículas. As moegas para baleirado de produtos engadidos a man constan dun filtro provisto de cartucho filtrante, que evita a emisión de po ao exterior
- Recollida dos gases de desbote, olores e pos para conducilos ao sistema de tratamento

23. Control das emisións á atmosfera

- Se aplican e manteñen controis estratéxicos das emisións aéreas, tendo en conta aspectos tales como definición de problemas, inventario de emisións e medidas de emisións
- Optimización da posta en marcha e parada dos equipos de medición de emisións para asegurarse de que sempre funcionan de forma eficaz
- Para garantir unha adecuada calidade do aire, se verifica que os vehículos de transporte permanezan sempre cubertos durante os traslados e que cumpran coa lexislación vixente en materia de emisión de fumes e gases de vehículos a motor. A maquinaria defectuosa debe ser inmediatamente reparada o substituída.

24. Medidas de control de la emisión de ruidos. Os principais focos de ruído corresponden ao muíño, granuladoras, moegas, cintas e aos procesos de carga e descarga de materias e produtos:

- Mantemento das instalacións: se realiza un mantemento preventivo de toda a maquinaria da planta, evitando así a xeración de ruidos por incorrectos engranaxes, desgaste de pezas, etc.
- Na fábrica se realizan controis de ruído con periodicidade bienal
- O muíño situouse baixo o chan para evitar ruidos. A actividade produtiva realízase no interior dunha nave pechada que dispón de elementos construtivos que reducen os ruidos (muros de formigón, illamento...)
- Existe una sala de compresores illada e separada
- Utilización de silenciadores nos sistemas de ventilación

25. Fosa séptica para tratamento de augas residuais sanitarias

26. Control de vertidos: se inspecciona regularmente o estado das canalizacións de augas pluviais, retirando e xestionando adecuadamente os posibles finos que poidan acumularse

27. Almacén de residuos: se realiza a separación dos residuos xerados nas instalacións en base á súa natureza, cunha zona diferenciada para residuos perigosos. Existe un punto para almacenar e clasificar os residuos de forma centralizada, simplificando a súa entrega a xestor.

28. Redución da xeración de residuos

- Recepción e distribución prioritariamente de materias primas a granel e en envases de gran tamaño coa finalidade de reducir o número de envases e a xeración de residuos
- Axuste na medida do posible do embalaxe para transporte
- Automatización do proceso produtivo, o que redonda na optimización dos pesados e dosificacións, reducindo as posibilidades de xerar derrames e residuos
- Sistema de reprocesado de produto terminado non conforme, para previr a xeración de residuos e aproveitar ao máximo os recursos.
- En diferentes etapas do proceso reintrodúcense produtos, por exemplo de granulación inadecuada, para o seu aproveitamento

29. Redución do volume de residuos xerados mediante compactación

30. Programa de limpeza e mantemento das instalacións

- Limpeza e mantemento periódico da maquinaria e inspección regular do estado dos equipos, canalizacións, desaugues, etc.
- Selección dos axentes de limpeza e desinfección menos tóxicos e perigosos para a saúde dos operarios e o medio ambiente.
- Elaboración diaria de follas de incidencias para cada liña de produción, onde o persoal anota avarías, goteos, paradas de equipos imprevistas, etc.

31. Automatización da limpeza. Se automatizan os procesos de limpeza mediante a instalación e posta en marcha do sistema de aspiración centralizada. O sistema de aspiración centralizada garante que non se realice un uso abusivo de produtos químicos nas operacións de limpeza, posto que se emprega unicamente baleiro.

32. Limpeza en seco das instalacións. Na limpeza non se xeran augas residuais, dado que se realiza en seco. En consecuencia, non é necesario tratar e xestionar augas residuais industriais

33. Automatización del proceso produtivo para aditivos y correctores, evitando posibles derrames e perdas de material.

Estás técnicas están recollidas nos seguintes documentos de referencia:

- *Documento de referencia de los Principios Generales de Monitorización. Ministerio de Medio Ambiente, 2003*
- *Reference Document on Best Available Techniques in the Food, Drink and Milk Industries. European Commission, august 2006*
- *Guía de Mejores Técnicas Disponibles en España del sector de los transformados vegetales. Ministerio de Medio Ambiente, 2006*
- *Reference Document on Best Available Techniques for Energy Efficiency. European Commission Europea, February 2009*

Anexo III: condicións de explotación e peche da instalación

1 Sobre a atmosfera

1.1 Catalogación de actividades

De acordo co disposto no Real Decreto 100/2011, de 28 de xaneiro, polo que se actualiza o catálogo de actividades potencialmente contaminadoras da atmosfera e se establecen as disposicións básicas para a súa aplicación, as actividades desenvolvidas na granxa están catalogadas como segue:

Catálogo de actividades potencialmente contaminadoras de la atmosfera. Anexo CAPCA-2010		
Actividade	Grupo	Código
Fabricación de pensos ou fariñas de orixe vexetal	B	04 06 05 08
Caldeiras de combustión de potencia térmica nominal ≤ 20 MWt e $> 2,3$ MWt	B	03 01 03 02

1.2 Localización e descrición dos focos canalizados á atmosfera

Foco	Proceso	Marca / Modelo	Tratamento fin de liña	Potencia térmica nominal (MWt)	Tipo de combustible	Altura (m)	Diám. (m)	Coordenadas UTM
F1: ciclón nova granuladora	Arrefriamento liña de granulación 1	Geeler	Ciclón rendemento 75%	-	-	6,15	0,5	X: 610.326 Y: 4.775.871
F2: ciclón granuladora actual	Arrefriamento liña de granulación 1	Turbovent	Ciclón rendemento 75%	-	-	43	0,9	X: 610.330 Y: 4.775.846
F3: ciclón muíño	Moenda de materia prima	Sprout-matador	Filtro de mangas rendemento 75%	-	-	3,7	0,3	X: 610.323 Y: 4.775.685
F4: caldeira de vapor	Produción de vapor	Vulcano Sadeca	-	3,5	Gas natural	8	0,5	X: 610.374 Y: 4.775.828

1.3 Emisións difusas e medidas a adoptar para a súa minimización

- A maquinaria mais susceptible da emisión de partículas de po está dotada de filtros e elementos de aspiración. As moegas para baleirado de produtos engadidos manualmente dispoñen dun filtro de mangas que evita a saída de po ao exterior.

- As partículas de po quedan retidas no interior da nave posto que todo o proceso realízase no seu interior e son obxecto de limpeza regulars. Non existe ningunha descarga nin amoreamento no interior das edificacións.

- Verificarase que os vehículos de transporte permanezan sempre cubertos durante os traslados e que cumpran coa lexislación vixente en materia de emisión de fumes e gases de vehículos a motor.

1.4 Valores límite de emisión

Foco	Substancia	Unidades	Valor límite de emisión	Condicions
F1, F2 e F3	Partículas	mg/Nm ³	50	Medidas descontinuas
Os valores límite de emisión están referidos ás seguintes condicións: 273,15 K de temperatura, 101,3 kPa de presión e gas seco				
A verificación do cumprimento dos valores límite de emisión realizarase segundo a IT/FE/DXCAA/15: "Criterios para a verificación do cumprimento dos valores límite de emisión".				

Foco	Substancia	Unidades	Valor límite de Emisión	Osíxeno de referencia (%V)
F4	CO	mg/Nm ³	100	3
	Opacidade dos fumes	Escala Bacharach	2	
	NO _x (expresado como NO ₂)	mg/Nm ³	450	3
Os valores límite de emisión están referidos ás seguintes condicións: 273,15 K de temperatura, 101,3 kPa de presión e gas seco				
A verificación do cumprimento dos valores límite de emisión realizarase conforme a: a media dos resultados das medicións realizadas non supera o valor límite de emisión. No caso da opacidade de fumes, o valor máis alto obtido non supera o valor límite de emisión establecido				

1.5 Vixilancia e control ambiental

Parámetros e contaminantes obxecto de control externo por oca mediante medicións manuais			
Focos	Periodicidade	Parámetros e contaminantes	Unidades
F1 F2 F3	Cada dous anos tres medicións consecutivas de polo menos unha hora de duración cada unha delas	Temperatura de gases	(°C)
		Presión en conduto	(mmHg)
		Velocidade dos gases	(m/s)
		Humidade dos gases	(%V)
		Caudal de gases en condicións normais e base seca	(Nm ³ /h)
		Osíxeno	(%V)
		Partículas	mg/Nm ³

Parámetros e contaminantes obxecto de control externo por oca mediante medicións manuais			
Focos	Periodicidade	Parámetros e contaminantes	Unidades
F4	Cada 3 anos unha determinación no exercicio de medición	Temperatura de gases	(°C)
		Presión en conduto	(mmHg)
		Velocidade dos gases	(m/s)
		Caudal de gases en condicións normais	(Nm ³ /h)
	Cada 3 anos polo menos 3 medicións de polo menos 20 minutos de duración cada unha delas	Osíxeno	(%V)
		CO ₂	(%V)
		SO ₂	(mg/Nm ³) (Kg/h)
		CO	(mg/Nm ³) (Kg/h)
		NO _x (expresados como NO ₂)	(mg/Nm ³) (Kg/h)
		Opacidade dos fumes	Escala Bacharach

- Os ciclóns e filtros de mangas estarán sometidos aos seu correspondentes mantementos segundo instrucións do fabricante e o sistema de xestión da empresa.

-A metodoloxía de medición a seguir está recollida na instrución técnica IT/FX/DXCAA/11: “Criterios para definir métodos de referencia”. Para gases de combustión acéptase a técnica de células electroquímicas.

- Os sitios e seccións de medición en todos os focos deben cumprir coa instrución técnica IT/FX/DXCAA/09: “Acondicionamento da sección de medida en focos emisores á atmosfera”. A xustificación desta IT e con resultado favorable debe formar parte do informe de medicións realizado polo OCA.

1.6 Informes de control de emisións á atmosfera

- A instalación informará das súas emisións a través da plataforma informática REGADE-CAPCA. Os informes de control realizados por OCA deberán estar anexados nesta plataforma.

- No caso de que nos informes dos OCA a declaración de conformidade fronte a valores límite de emisión á atmosfera sexa non conforme, o titular porao en coñecemento da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental nun prazo non superior a dous días hábiles. Xunto coa comunicación remitirá o informe do OCA, a proposta de medidas correctoras, o prazo para a súa execución e a data prevista dun novo control de emisións para verificar a eficacia da implantación das accións correctoras.

- O titular debe dar cumprimento ó Real Decreto 508/2007, de 20 de abril, polo que se regula o suministro de información sobre emisións do Regulamento E-PRTR e das autorizacións ambientais integradas, comunicando a información requirida anualmente vía telemática no rexistro galego PRTR de emisións REGADE Sección PRTR.

2 Sobre o nivel de presión sonora

2.1 Valores límite

- Con carácter xeral durante a actividade da instalación non se poderán emitir nin transmitir niveis de ruído tales que produzan valores de recepción superiores aos establecidos no Real Decreto 1367/2007, do 19 de outubro polo que se desenvolve a Lei 37/2003, do 17 de

novembro, do Ruído, así como en calquera outra normativa de aplicación que se dite en materia de ruídos.

2.2 Sistemas e procedementos para minimizar a contaminación acústica

- Calquera actividade puntual programable, que poida supor un incremento nos niveis de presión sonora, realizarase en período diúrno.
- Efectuarase o mantemento preventivo e correctivo das instalacións co fin de evitar e/ou reparar avarías ou deterioracións que ocasionen alteracións do nivel de presión sonora.
- As instalacións contarán cos elementos illantes necesarios para garantir o cumprimento dos niveis de ruído establecidos no apartado anterior.

2.3 Vixilancia e control ambiental

- Realizarase unha campaña de control do nivel de presión sonora exercido pola actividade coa nova granuladora en funcionamento, co obxecto de verificar o cumprimento dos valores límite. O control efectuarase coincidindo cos períodos de máxima actividade. Os puntos de control situaranse no perímetro da instalación, e para a súa localización teranse en conta os principais focos emisores de ruído.
- Os resultados desta campaña e a súa valoración, serán remitidos á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático no prazo máximo dun mes despois das medicións e, en todo caso, dentro do primeiro ano a transcorrer desde o comezo da actividade da modificación proxectada.
- Sempre que se introduza algunha modificación na planta ou no proceso que poida afectar ao nivel de presión sonora, realizarase unha campaña de avaliación da contaminación acústica, cuxos resultados serán trasladados á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático co fin de analizalos e decidir se resulta preciso establecer unha nova proposta de vixilancia e control a este centro directivo.
- Os informes de avaliación da contaminación acústica conterán un anexo co contido especificado no artigo 12 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia.

3 Sobre os vertidos líquidos

3.1 Condicións Técnicas

3.1.1 Orixe das augas residuais e localización do punto de vertido

Vertido 1: NO2700313 Aseos-Fábrica de pensos-Uriz

Tipos de augas residuais: proceso industrial

Forma de evacuación: indirecto por infiltración ó terreo

Medio Receptor: innominado

Código do canle: 1/4400/885

Cunca: Ladra

pk. canle codificado: 4,00

Folla 1:50.000: 07/06

Coordenadas UTM: X: 610.330, Y: 4.775.759, Fuso 29, Datum: ETRS89

Vertido 2: NO2702158 Escorredura 1-Fábrica de pensos-Uriz

Tipos de augas residuais: escorredura interior á implantación industrial
Forma de evacuación: mixta (directo a canle e indirecto por infiltración ó terreo)
Medio Receptor: innominado
Código do canle: 1/4400/885
Cunca: Ladra
pk. canle codificado: 4,10
Folla 1:50.000: 07/06
Coordenadas UTM: X: 610.270, Y: 4.775.902, Fuso 29, Datum: ETRS89

Vertido 3: NO2702159 Escorredura 2-Fábrica de pensos-Uriz

Tipos de augas residuais: escorredura interior á implantación industrial
Forma de evacuación: mixta (directo a canle e indirecto por infiltración ó terreo)
Medio Receptor: innominado
Código do canle: 1/4400/885
Cunca: Ladra
pk. canle codificado: 4,11
Folla 1:50.000: 07/06
Coordenadas UTM: X: 610.372, Y: 4.775.872, Fuso 29, Datum: ETRS89

Vertido 4: NO2702160 Escorredura 3-Fábrica de pensos-Uriz

Tipos de augas residuais: escorredura interior á implantación industrial
Forma de evacuación: mixta (directo a canle e indirecto por infiltración ó terreo)
Medio Receptor: innominado
Código do canle: 1/4400/885
Cunca: Ladra
pk. canle codificado: 4,12
Folla 1:50.000: 07/06
Coordenadas UTM: X: 610.275, Y: 4.775.793, Fuso 29, Datum: ETRS89

Vertido 5: NO2702161 Proceso-Fábrica de pensos-Uriz

Tipos de augas residuais: proceso industrial (purga da caldeira)
Forma de evacuación: mixta (directo a canle e indirecto por infiltración ó terreo)
Medio Receptor: innominado
Código do canle: 1/4400/885
Cunca: Ladra
pk. canle codificado: 4,13
Folla 1:50.000: 07/06
Coordenadas UTM: X: 610.276, Y: 4.775.794, Fuso 29, Datum: ETRS89

3.1.2 Caudais e volumes máximos de vertido

Vertido 1

Caudal punta horario	0,075 m ³ /h (0,021 l/s)
Volume máximo diario	0,6 m ³
Volume máximo anual	150 m ³

Vertido 5

Volume máximo diario	7,600 m ³
Volume máximo anual	107 m ³

3.1.3 Concentraciones máximas do vertido

- Os parámetros característicos da actividade causante do vertido serán exclusivamente os que se relacionan a continuación, cos valores límite de emisión que se especifican para cada un deles:

Vertido 1

Parámetro	Valor límite
pH	Entre 6 e 9
Materias suspensión	< 150 mg/l
DBO ₅	< 200 mg/l O ₂
DQO ó dicromato	< 300 mg/l O ₂
Amonio total	< 50 mg/l NH ₄
Deterxente	< 3 mg/l Laurilsulfato

Vertido 2

Parámetro	Valor límite
pH	Entre 6 e 9
Materias suspensión	< 35 mg/l
Hidroc. disolvidos ou emulsionados	< 1 mg/l

Vertido 3

Parámetro	Valor límite
pH	Entre 6 e 9
Materias suspensión	< 35 mg/l
Hidroc. disolvidos ou emulsionados	< 1 mg/l

Vertido 4

Parámetro	Valor límite
pH	Entre 6 e 9
Materias suspensión	< 35 mg/l
Hidroc. disolvidos ou emulsionados	< 1 mg/l

Vertido 5

Parámetro	Valor límite
pH	Entre 6 e 9

Temperatura	< 25 °C
Conductividade	< 1000 µs/cm

- No poderán empregarse técnicas de dilución para alcanzar os valores límite de emisión.
- Ademais deberán cumprirse as normas de calidade ambiental aplicables na masa de auga receptora do vertido. En caso contrario, o titular estará obrigado a instalar as medidas correctoras e/ou o tratamento axeitado que sexan necesarios, para que o vertido no sexa causa do incumprimento de aquelas.

3.1.4 Instalacións de depuración e evacuación

- As instalacións de depuración ou medidas correctoras das augas residuais, axustaranse á documentación aportada polo titular e constarán basicamente dos seguintes elementos:

3.1.4.1 Descrición

Vertido 1

- Fosa séptica
- Arquetas de toma de mostras
- Zanxa de infiltración

Vertido 5

- Arrefriamento por adición de auga fría
- Arqueta de control

- O titular debe adoptar as medidas correctoras necesarias para que as augas de escorredura de chuvia que discorran polo interior do recinto da actividade, no causen dano á calidade das augas do medio receptor (artigo 116.a da Lei de Augas e 315.a, 316.a e seguintes do Regulamento do Dominio Público Hidráulico).

- Non se permite a incorporación de augas de escorredura de chuvia procedentes de zonas exteriores ó recinto da actividade. Por isto, o titular queda obrigado a instalar cunetas perimétricas u outro medio de desvío das augas, para evitar a contaminación das mesmas con motivo da actividade.

- De comprobarse a insuficiencia das medidas correctoras adoptadas, o titular, como responsable do cumprimento das condicións da autorización, deberá executar as modificacións precisas nas instalacións de depuración a fin de axustar o vertido ás características autorizadas, previa comunicación ó Organismo de cunca e, se procede, a correspondente modificación da autorización ambiental integrada, conforme ós mecanismos previstos no Real decreto legislativo 1/2016, de 16 de decembro.

En todo caso, teranse en conta as prescricións sobre as Melloras Técnicas Dispoñibles contidas nos documentos que lle resulten de aplicación.

3.1.4.2 Evacuación do vertido. Punto de control

- Para cada vertido autorizado disporase un punto de control situado en lugar de acceso directo para a súa inspección e toma de mostras cando se estime oportuno por parte da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, conforme establecen os artigos 251 e 252 do Regulamento do Dominio Público Hidráulico, que deberá reunir as características necesarias para poder obter

mostras representativas dos vertidos e comprobar o rendemento das instalacións de depuración.

- Dito punto de control deberá contar co dispositivo de medida de volumes evacuados que resulte de aplicación en función das características do vertido, de conformidade co artigo 7 da Orde ARM/1312/2009, e o seu funcionamento deberá cumprir os requisitos establecidos nos artigos 7 e 8 da citada orde.

3.1.4.3 Control de funcionamento das instalacións de depuración

- O titular acreditará ante a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil as condicións en que verte ó medio receptor. O número de controis anuais, repartidos a intervalos regulares, será o seguinte:

Vertido 1

- 1 control ó ano

Vertido 5

- 2 controis ó ano

- Cada control, que será realizado e certificado por unha “Entidade colaboradora” (artigo 255 do Regulamento do Dominio Público Hidráulico), levarase a cabo sobre cada un dos parámetros autorizados, considerándose que cumpre os requisitos da autorización cando todos os parámetros verifiquen os respectivos límites impostos.

- O titular remitirá, á oficina da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil en Lugo no prazo dun mes desde a toma de mostras, dúas copias en soporte papel e unha copia en soporte dixital en formato .pdf dos resultados dos controis.

- Ademais, queda obrigado a realizar unha estimación do volume anual de vertido e no seu caso debe levar un Rexistro de control anual do volume de vertido de conformidade co artigo 7 da Orde ARM/1312/2009. Dito rexistro de control estará en todo momento nas instalacións de depuración e a disposición da Confederación para a súa comprobación.

- A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, cando o estime oportuno, inspeccionará as instalacións de depuración e poderá efectuar aforamentos e análises do efluente para comprobar que os caudais e parámetros dos vertidos non superan os límites autorizados e, no seu caso, o rendemento das instalacións de depuración. Así mesmo poderá esixir ó titular da instalación que designe un responsable da explotación das instalacións de depuración, con titulación axeitada.

3.1.4.4 Residuos do proceso de depuración e outros residuos

- Os residuos sólidos e os lodos en exceso orixinados no proceso de depuración deberán extraerse coa periodicidade necesaria para garantir o correcto funcionamento da instalación. Almacenaranse, no seu caso, en depósitos impermeables que non poderán dispoñer de desaugues de fondo.

- Se as instalacións de depuración dispuxeran de tratamento de lodos, a auga escorrida deberá recircularse á entrada da instalación, para o seu tratamento.

- O artigo 97 da Lei de Augas establece, con carácter xeral, a prohibición de acumular residuos sólidos, entullos ou substancias, calquera que sexa a súa natureza e o lugar en que se

depositen, que constitúan ou poidan constituír un perigo de contaminación das augas do dominio público hidráulico ou de degradación do seu contorno.

Por isto, o titular tomará as precaucións necesarias para que os derramos accidentais dos tanques de almacenamento de produtos, combustibles, reactivos, etc, así como os ocasionados na trasfega dos mesmos, non alcancen as canles públicas.

3.1.4.5 Prevención de vertidos accidentais

- O titular disporá dos medios necesarios para explotar correctamente as instalacións de depuración e manter operativas as medidas de seguridade que se adoptaron en prevención de vertidos accidentais.

- Non está autorizada a existencia de sistemas de *by pass* nin de desaugues de fondo nas instalacións de depuración.

3.2 Condicións Económico-Administrativas

3.2.1 Entrada en servizo das instalacións

- Antes da entrada en servizo das instalacións, o titular debe comunicar por escrito á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil a finalización das obras e a posta en réxime de funcionamento das instalacións de depuración, xuntando informe de “Entidade Colaboradora” que acredite o cumprimento do anterior punto 3.1 Condicións Técnicas (dúas copias en soporte papel e unha copia en soporte dixital en formato .pdf).

Tras a dita comunicación, a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil emitirá o correspondente informe, previas as comprobacións que se estimen oportunas.

3.2.2 Eficacia da autorización no que ó vertido se refire

- En virtude do estipulado no artigo 249.3 do Regulamento do Dominio Público Hidráulico, a autorización ambiental integrada, nos aspectos relativos ó vertido non producirá plenos efectos xurídicos ata que o Organismo de cunca aprobe a acta de recoñecemento final favorable das instalacións.

3.3 Canon de control de vertidos

Desde a data en que a autorización ambiental integrada produza plenos efectos xurídicos nos aspectos relativos ó vertido, o importe do canon de control de vertidos (CCV), en aplicación do artigo 113 do Texto Refundido da Lei de Augas e do Regulamento do Dominio Público Hidráulico, será o seguinte:

$$CCV = V \times P_U$$

$$P_U = P_b \times C_m$$

$$C_m = C_2 \times C_3 \times C_4$$

Sendo

V = Volume de vertido autorizado (m³/ano)

P_U = Prezo unitario do control de vertido

P_b = Prezo básico por m³ establecido en función da natureza do vertido

C_m = Coeficiente de maioración ou minoración do vertido

C₂ = Coeficiente en función das características do vertido

C₃ = Coeficiente en función do grao de contaminación do vertido

C₄=Coeficiente en función da calidade ambiental do medio receptor

Vertido 1

V	150 m ³ /ano
P _b ⁽¹⁾	0,01683 €/m ³
C ₂ ⁽²⁾	1,00
C ₃ ⁽³⁾	0,50
C ₄ ⁽⁴⁾	1,25
C _m	0,62500
P _U	0,01052 €/m ³

⁽¹⁾ Auga residual: urbana ou asimiladas

⁽²⁾ Urbanos ata 1.999 habitantes equivalentes

⁽³⁾ Con tratamento axeitado

⁽⁴⁾ Zona de categoría I

Canon de control de vertidos: 1,58 €/ano

Vertido 5

V	107 m ³ /ano
P _b ⁽¹⁾	0,04207 €/m ³
C ₂ ⁽²⁾	1,00
C ₃ ⁽³⁾	0,50
C ₄ ⁽⁴⁾	1,25
C _m	0,62500
P _U	0,02629 €/m ³

⁽¹⁾ Auga residual: urbana ou asimiladas

⁽²⁾ Urbanos ata 1.999 habitantes equivalentes

⁽³⁾ Con tratamento axeitado

⁽⁴⁾ Zona de categoría I

Canon de control de vertidos: 2,81 €/ano

Canon de control de vertidos total: 4,39 €/ano

- Este importe permanecerá invariable mentres non se modifiquen as condicións da autorización ambiental integrada relativas ó vertido ou algún dos factores que interveñen no cálculo do canon de control de vertidos.

- Unha vez rematado cada ano natural, a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil enviará ó titular a liquidación do canon de control de vertidos correspondente a ese ano.

4 Sobre a protección do solo e das augas subterráneas

4.1 Sistemas e procedementos para evitar a contaminación

- Manterase en perfecto estado de revisión os sistemas de seguridade fronte os derramos de substancias, procedendo á recollida inmediata de todo derrame accidental que puidera afectar ó solo e ás augas subterráneas.

- As operacións de carga e descarga realizaranse sobre superficies impermeables provistas e fosos de retención de vertidos accidentais.

- A actividade industrial e os almacenamentos realizaranse sobre pavimento formigonado e impermeabilizado desenvolvendo os labores de mantemento de xeito constante co obxecto de evitar a infiltración no solo e a afección ás augas subterráneas.

4.2 Vixilancia e control ambiental

- A rede de control da calidade dos solos e das augas subterráneas para esta planta contará con dous piezómetros de control coa seguinte localización:

Puntos de Mostraxe	Coordenadas UTM Fuso 29 -ETRS89	
	X	Y
P1	610.362	4.775.519
P2	610.305	4.775.806

- Co obxecto de dispoñer de datos de solos, os piezómetros executaranse con recollida de testemuña, analizándose 2 mostrax de solo en cada sondaxe.

- Ademais, executaranse 3 calicatas coa seguinte localización:

Calicatas	Coordenadas UTM Fuso 29 -ETRS89	
	X	Y
C1	610.321	4.775.765
C2	610.260	4.775.858
C3	610.297	4.775.911

- En cada un dos puntos especificados nas táboas anteriores, determinaranse os seguintes parámetros en augas e solos:

Parámetros
Nivel freático (so nos piezómetros) pH, condutividade, TPHs, arsénico, cadmio, níquel, cromo, cobre, chumbo, cinc e mercurio

- Os piezómetros deberán permanecer operativos durante toda a vida útil da instalación, realizándose as operacións de mantemento necesarias cara a garantir a súa permanencia. Revisaranse as tapas exteriores para evitar a entrada de elementos externos e realizarase o desenvolvemento de cada un dos piezómetros co fin de eliminar os finos que se puideran acumular e tupir a tubaxe de PVC.

- A mostraxe das augas subterráneas será representativa das condicións do acuífero e incluírá os pertinentes bombeos de volume de auga para garantir a súa representatividade, determinándose cunha periodicidade semestral.

- A toma de mostras e as análises serán realizadas por ECAH (Entidade Colaboradora da Administración Hidráulica) de acordo cos requirimentos establecidos no Decreto 162/2010, de 16 de setembro, polo que se regulan as Entidades Colaboradoras da Administración Hidráulica de Galicia en materia de control de vertidos e calidade das augas.

- Se como resultado das análises efectuadas se detectasen zonas de solo ou augas contaminadas estableceranse, de acordo coa Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, criterios de avaliación de riscos e plans de acción para o seu control.

5 Sobre a produción e xestión de residuos

- O titular da instalación deberá contar coas inscricións que lle correspondan no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, mantelas actualizadas, e cumprir cos condicionantes recollidos nas correspondentes resolucións de inscrición.

- Deberanse cumprir en todo momento as prescricións que sobre residuos se establecen na normativa de aplicación para as actividades inscritas, así como nas disposicións e instrucións que se diten nas Administracións do Estado e da Xunta de Galicia en materia de residuos.

Entre estas:

- Priorizarase en todo momento a prevención na xeración de residuos, así como a preparación para o seu reemprego e reciclaxe. No caso de xeración de residuos cuxo reemprego ou reciclaxe non sexa posible, estes destinaranse a outro tipo de valorización, evitando a súa eliminación sempre que sexa posible.
- A entidade explotadora disporá dun arquivo cronolóxico, físico ou telemático, segundo o establecido no artigo 40 da Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados. Gardarase a información arquivada durante, cando menos, 3 anos.
- A efectos de que esta Dirección Xeral verifique que non se dá algún dos supostos previstos no artigo 25.4 e 25.5 da Lei 22/2011, a empresa deberá notificar os traslados de residuos fóra da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Realizarase o procedemento de control dos traslados de residuos perigosos e non perigosos, incluídos no ámbito de aplicación do Decreto 174/2005, que se realicen pola vía pública dentro da Comunidade Autónoma de Galicia segundo o establecido no Decreto 59/2009, do 26 de febreiro, polo que se regula a rastrexabilidade dos residuos.
- Cumpriranse coas obrigas establecidas no Real Decreto 180/2015, de 13 de marzo, polo que se regula o traslado de residuos no interior do territorio do Estado.
- Os residuos xestionados externamente entregaranse a xestores autorizados, priorizando a entrega a xestores que se atopen máis preto á planta. Os traslados dos residuos realizaranse mediante empresas transportistas inscritas no rexistro ó efecto.
- Deberanse cumprir as normas técnicas vixentes relativas ó envasado, etiquetado e almacenamento de residuos perigosos.

- No caso do almacenamento, este terá que ser para residuos non perigosos por tempo inferior a 2 anos, se o seu destino é a valorización, un ano se é a eliminación e para residuos perigosos de 6 meses.

6 Información de seguimento ambiental

6.1 Cumprimento do E-PRTR

- Na notificación anual a realizar para a elaboración do rexistro europeo de emisións e transferencia de contaminantes, de todas as substancias incluídas no anexo II do Real Decreto 508/2007, de 20 de abril, polo que se regula o subministro de información sobre emisións do Regulamento E-PRTR e das autorizacións ambientais integradas, o titular deberá declarar as emisións de CH₄, N₂O, e NH₃, sen detrimento de que esta lista poida ser modificada pola Administración. Ademais do anterior, nesta notificación deberase incluír polo menos:

- Para o caso de *contaminantes medidos*: norma que contén o método de medida, número de medidas (en caso de mostraxes non continuas) e todos os parámetros necesarios para obter o valor declarado de carga máscica anual: resultados en masa/volume normalizado e en base seca, horas de funcionamento do foco ou proceso do que proceda, e resultados en kg/ano ou t/ano.
- Para o caso de *contaminantes calculados*: indicaranse as fontes dos métodos de cálculo e factores de emisión aceptados nos ámbitos nacionais e internacionais e representativos do sector industrial, así como os datos do proceso industrial para determinar a carga máscica das instalacións, todo a fin de poder validar os resultados.
- Para o caso de *contaminantes estimados*: indicaranse en que se fundamentan as estimacións non normalizadas, así como cantos datos do proceso industrial deben ser tidos en conta para determinar a carga máscica das emisións.

- Esta notificación realizarase, preferiblemente, vía telemática.

6.2 Informe do cumprimento da autorización ambiental integrada

- Semestralmente, o titular remitirá á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático un informe de autoavaliación do cumprimento das obrigas de control e seguimento establecidas na autorización. Este informe deberá conter, como mínimo:

➤ Atmosfera

- Declaración do cumprimento da periodicidade dos controis de emisións á atmosfera recollidos nesta resolución. No caso de non ter dado cumprimento, xustificarse este feito.
- Xunto cos primeiros resultados de medicións, que deberán realizarse neste ano, o titular deberá presentar a xustificación da altura das chemineas de acordo coa instrución técnica IT/FE/DXCAA/07: "Criterios para o cálculo de altura e chemineas", exceptuando desta aos focos ciclónicos de altura menor de 10 m.
- Valoración do cumprimento dos valores límite de emisión, con datos e expresión gráfica dos resultados que se vaian obtendo dende o primeiro control. Inclúiranse datos e gráficos de caudal de gases nas condicións requiridas nesta autorización e osíxeno (%V).

➤ **Vertidos**

- Declaración do cumprimento da periodicidade de realización e de remisión á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil dos controis de vertido recollidos nesta resolución así como unha valoración do cumprimento dos valores límite de emisión, con datos e expresión gráfica dos resultados obtidos dende o presente ano.

➤ **Solos e augas subterráneas**

- Boletíns analíticos dos controis da ECAH e un informe valorativo dos resultados acadados.

➤ **Outros**

- Accións de mellora ambiental executadas.
- Incidentes e/ou accidentes ocorridos.

- Esta información incluírase sen detrimento das comunicacións que procedan en base ó artigo 10 do Real decreto legislativo 1/2016, do 16 de decembro e do sinalado no apartado 7 desta autorización.

- De detectarse resultados anómalos ou de superarse os valores límite deberase incluír un informe analizando as posibles causas e de ser o caso, detalle das medidas correctoras, a data de implantación e a avaliación da súa efectividade.

6.3 Formato de presentación da documentación

- Con carácter xeral, a información de seguimento:

- Deberá ser presentada por un representante legal da instalación ou polo responsable do cumprimento da autorización ambiental integrada.
- Cada un dos informes de seguimento que se presenten, incluídos os resultados dos controis internos, deberán estar asinados polo/s técnico/s competente/s responsable/s da súa elaboración, e selados pola empresa.
- Todos os documentos estarán correctamente identificados incluíndo, se fose o caso, o número de revisión que corresponda, e indicando sempre a súa data de elaboración.

- No caso dos informes a presentar perante esta Dirección Xeral:

- Presentarase 1 documento en formato papel, que deberá ser orixinal, e 2 exemplares en soporte dixital que conteñan esta documentación presentada en papel, en formato .pdf.
- Os exemplares en soporte dixital deben conter a mesma información que o documento en papel e ambos deberán identificarse cos mesmos títulos, debendo ser a única diferenza o formato en que se presentan.
- Os exemplares en soporte dixital deberán presentar unha estrutura que permita unha lectura congruente da información, organizada nas correspondentes carpetas e subcarpetas se fose necesario.

6.4 Arquivo da información

- Salvo indicación expresa noutro sentido, os resultados dos controis requiridos nesta autorización serán arquivados na planta e mantidos durante un período mínimo de 10 anos a partir do final do ano de referencia de que se trate, debendo facilitarse á Administración en caso de que esta os requira.

7 Incidentes e accidentes

- Ante calquera suceso con posibles repercusións na saúde das persoas e/ou o medio, ou que leve consigo o incumprimento das condicións impostas nesta autorización, o titular procederá inmediatamente á determinación da orixe do problema e á adopción das medidas necesarias, tanto para a súa corrección como para evitar as posibles repercusións.

Dentro destas medidas considerárase, no caso de ser necesario, a suspensión da actividade.

- Esta situación deberá ser comunicada á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, sen menoscabo das comunicacións que se deban realizar a outros organismos afectados. Esta comunicación efectuarase dentro das 24 horas seguintes á detección do suceso.

- No prazo máximo de 7 días tras a comunicación o titular deberá remitir ós referidos organismos un informe no que figure, como mínimo:

- Causas
- Hora do suceso e duración
- Características das emisións producidas, no caso de existir
- Medidas adoptadas (tanto preventivas como correctivas)
- Hora e forma na que se comunicou o suceso ós distintos organismos

8 Condicións de funcionamento diferentes das normais

- En caso de fugas e fallos de funcionamento na instalación, estarase ó disposto no apartado de "incidentes e accidentes".

- O titular deberá comunicar á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático calquera parada temporal da actividade que poida afectar ó normal cumprimento das condicións establecidas ó longo desta resolución. Así mesmo deberá comunicar, no momento de producirse, o seu reinicio.

9 Condicións para o cese definitivo da actividade

- En caso de cese definitivo da actividade, o titular deberá presentar unha comunicación previa ó respecto informando da data prevista para o cese.

- Esta comunicación acompañarase dunha memoria na que se especifiquen as actuacións que o titular vai realizar para evitar calquera risco de contaminación. Concretamente, en relación coa protección do solo e das augas subterráneas, estarase ao disposto no artigo 23 do Real decreto lexislativo 1/2016, do 16 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación.

- Esta memoria será obxecto de avaliación por parte da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, sendo preciso un informe favorable para a súa execución.

10 Condicións adicionais

- A instalación debe contar cun responsable do control do cumprimento do plan de vixilancia incluído nesta autorización. No prazo de 1 mes o representante legal da instalación designará á/s persoa/s responsable/s, debendo comunicalo a esta Dirección Xeral.
- Os valores límite de emisión recollidos na presente autorización son de aplicación en condicións normais de funcionamento (Directiva 2010/75/UE, de 24 de novembro, sobre as emisións industriais (prevención e control integrados da contaminación)).
- A Administración poderá efectuar, cando o estime oportuno, análises de comprobación do funcionamento das instalacións para cotexar que se cumpren as condicións expostas na autorización.
- Proponse manter unha análise continuada da implantación de mellores técnicas dispoñibles (MTD), tanto das aplicables ó sector en cuestión como das aplicables ós procesos auxiliares. Así, calquera modificación na instalación realizarase tras a valoración das MTD aplicables nese momento.
- Salvo indicación expresa noutro sentido ou que se acredite a súa imposibilidade, as tomas de mostras e as análises serán efectuadas por organismo de control acreditado, seguindo a metodoloxía establecida en normas EN, UNE-EN, UNE e, en ausencia destas, noutras normas internacionais ou nacionais que garantan a obtención de datos de calidade científica equivalentes.
- Independentemente das obrigas que estableza a autorización ambiental integrada, o operador ten a obriga de cumprir as premisas establecidas na Lei 26/2007, de 23 de outubro, de Responsabilidade Medioambiental e na súa normativa de desenvolvemento.

CORRECCIÓN DE ERROS DA AUTORIZACIÓN AMBIENTAL INTEGRADA NÚM. 2015-IPPC-99-309

Instalación: planta de fabricación de pensos	Trámite: corrección de erros
Titular: Piensos Nanfor, SA	Expediente 2015-IPPC-I-99
Localización: concello de Begonte (Lugo)	Data: 26.10.2017

O 06.04.2017 resolveuse modificar a autorización ambiental integrada outorgada á Piensos Nanfor, SA para a planta de fabricación de pensos en Begonte, Lugo.

Tras detectar un erro na citada resolución e de conformidade co previsto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, procede corrixir este erro, mediante a substitución na táboa do apartado 1.5 do Anexo III referida ao foco F4, onde di "cada 3 anos" por "cada 2 anos", quedando redactado do seguinte modo:

Parámetros e contaminantes obxecto de control externo por oca mediante medicións manuais			
Focos	Periodicidade	Parámetros e contaminantes	Unidades
F4	Cada 2 anos unha determinación no exercicio de medición	Temperatura de gases	(°C)
		Presión en conduto	(mmHg)
		Velocidade dos gases	(m/s)
		Caudal de gases en condicións normais	(Nm ³ /h)
	Cada 2 anos polo menos 3 medicións de polo menos 20 minutos de duración cada unha delas	Osíxeno	(%V)
		CO ₂	(%V)
		SO ₂	(mg/Nm ³) (Kg/h)
		CO	(mg/Nm ³) (Kg/h)
		NO _x (expresados como NO ₂)	(mg/Nm ³) (Kg/h)
		Opacidade dos fumes	Escala Bacharach

A directora xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático

María Cruz Ferreira Costa

